



## Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

### Estimado/a compañeiro/a:

As Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (T.I.C.) pasaron de ser unha idea do futuro a converterse nunha realidade presente no noso día a día, tanto profesional como persoalmente. É unha realidade que **o emprego das T.I.C. permite aos profesionais e ás empresas reducir os seus custos á vez que melloran o seu grao de eficiencia, a súa produtividade e a calidade dos produtos fabricados ou dos servizos prestados aos seus clientes.**

Por iso, nunha contorna competitiva como a actual é imprescindible que os Enxeñeiros Técnicos Industriais, independentemente do campo profesional en que desempeñen a súa actividade, **dispoñan dunha formación a nivel xenérico sobre os novos conceptos, metodoloxías e ferramentas que se desenvolveron dentro do ámbito das T.I.C., así como das súas implicacións e das vantaxes do seu uso e incorporación ao ámbito laboral.**

Para atender a esta demanda, COITIVIGO programou unha **serie de conferencias gratuítas nas que se pretenden tratar aspectos das T.I.C.** que polo seu potencial de rendemento e as súas previsibles repercusións para o noso colectivo sexan de especial interese. As distintas conferencias, así como as súas datas, son as seguintes:

- |  |                |
|--|----------------|
| • As ferramentas T.I.C. na industria.                  | 14 de Xullo    |
| • As comunicacións na empresa.                         | 19 de Xullo    |
| • As redes sociais e a profesión de enxeñeiro.         | 21 de Xullo    |
| • O software libre como alternativa.                   | 26 de Xullo    |
| • Ferramentas de software libre para enxeñería.        | 28 de Xullo    |
| • Protección de datos: Lexislación e práctica.         | 01 de Setembro |
| • Computación na nube (cloud-computing).               | 06 de Setembro |
| • Telepresencia, videoconferencia e reunións virtuais. | 08 de Setembro |
| • Xestión de proxectos T.I.C. na empresa.              | 15 de Setembro |
| • Vixilancia tecnolóxica e estratéxica nas T.I.C.      | 20 de Setembro |
| • Os portais empresariais en enxeñería.                | 22 de Setembro |

Se desexas máis información, podes poñerte en contacto co Colexio no e-mail [coitivigo@coitivigo.es](mailto:coitivigo@coitivigo.es) ou no teléfono 986 43 17 93.

Enviarase información detallada aos colexiados sobre cada conferencia en formato circular con antelación á data de celebración da mesma, onde se indicarán os procedementos de inscrición, acceso a materiais, etc.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



José Manuel Jardón Quelle  
Poñente de Formación